

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/12/2018 11:55:42

SAIDA 15531/18

Sra. conselleira de Política Social  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: G.6.Q/19404/18

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias aparecidas nos medios en relación cos problemas de accesibilidade ás vivendas.

Na noticia sinálase que “as asociacións Agora, Albores e Ruliños levaron a cabo onte unha concentración na praza de España de Monforte para reclamar unha modificación das normas legais que facilite a accesibilidade das vivendas aos discapacitados físicos. As entidades convocantes sinalan que a actual lei autonómica non garante a realización de obras de accesibilidade nos domicilios privados e piden que sexa obrigatorio realizar traballos de adaptación nos inmobles onde residen persoas con mobilidade reducida. Así mesmo, solicitan axudas económicas para que as comunidades veciñais poidan afrontar este tipo de actuacións. Ao acto sumáronse o alcalde José Tomei e o concelleiro de Servizos, José Luis Losada.

Pero o problema que denuncian as mencionadas asociacións non só afecta as vivendas privadas, segundo apunta a sección galega do Comité Español de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade (Cermi), cuxa directiva celebrou unha reunión en Sober o pasado martes. «A actual normativa legal autonómica obriga a garantir a accesibilidade das persoas discapacitadas en todas as vivendas de protección oficial e tamén en todos os espazos públicos, e iso é algo que segue sen cumprirse en moitos lugares», di a este respecto o concelleiro soberino Eladio Fernández, membro da directiva galega do Cermi. Como exemplo, sinala o caso da casa consistorial de Sober. «Unha persoa que se move nunha cadeira de rodas aínda non pode entrar non salón de plenos, como fan o resto dos veciños», sinala.

A directiva do Cermi apunta doutra banda que en moitos casos resulta difícil realizar modificacións en edificios públicos, xa que se trata de construcións antigas que non foron deseñadas tendo en conta os criterios de accesibilidade. «Tamén está o problema de que as

reformas dalgúns destes edificios necesitan permiso dá Dirección Xeral de Patrimonio porque teñen carácter histórico ou porque están en áreas de protección», di Fernández. «Nestes casos consideramos que o debe primar é o dereito de acceso das persoas discapacitadas, por enriba dos criterios de carácter estético», engade.

Polo que toca ás novas edificacións de titularidade pública o Cermi fai fincapé na responsabilidade dos concellos para facer que se cumpran as normas vixentes. «Aos concellos correspóndelles conceder as licenzas de obra e ao noso xuízo non o deberían facer sen antes asegurarse de que os proxectos garanten o acceso das persoas con problemas de mobilidade», agrega Fernández.

Polo que respecta á accesibilidade ás vivendas privadas, as entidades agrupadas no Cermi esperan que sexa declarada obrigatorio nas modificacións que se prevé introducir na actual lexislación galega. A directiva da entidade ten constancia de que xa existe un borrador destas modificacións, pero ata agora non puideron velo. «Tamén gustaríanos que se axilizase o proceso de reforma da lei, que está pendente desde hai xa moito tempo», di David Fernández.


Doutra banda, o Cermi pide que a normativa legal -unha vez que sexa reformada- non só impulse a eliminación das barreiras físicas de dificultan o acceso, senón tamén a do que se coñece como barreiras cognitivas ou informativas, un problema que afecta a moitas persoas con discapacidades psíquicas. «Trátase de que a gran maioría dos edificios e servizos públicos non están preparados para orientar e informar a unha persoa discapacitada que necesita facer unha xestión ou solicitar calquera cousa», apunta a este respecto Eladio Fernández. «En moitos casos estas persoas teñen unha capacidade de lectura e de comprensión moi reducida e algunhas delas nin puideron aprender a ler debido á súa discapacidade, polo que non poden localizar as oficinas e os servizos aos que deben percorrer», agrega. Co fin de paliar estes problemas, o Cermi pide que se utilicen letreiros e sinais especialmente adaptados para facilitar ao máximo a comprensión.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. Solicitamos á Delegación do Goberno a súa colaboración informativa para coñecer as previsións do Goberno de España en relación co sinalado, en especial sobre a modificación da Lei de Propiedade Horizontal para mellorar as condicións das adaptacións das vivendas de propiedade horizontal, en especial as mais custosas, como as de instalación de ascensores; sobre as axudas ou medidas fiscais para as obras de adaptación; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes

Valedora  
Pobo

Tamén requirimos desa consellería que facilite información, no ámbito das súas funcións, sobre as medidas adoptadas ou previstas na normativa autonómica e no control do seu cumprimento, e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoa atentamente.

  
Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/12/2018 11:56:39

**SAIDA 15532/18**

Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e  
Vivenda  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Expediente: G.6.Q/19404/18**

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias aparecidas nos medios en relación cos problemas de accesibilidade ás vivendas.

Na noticia sinálase que “as asociacións Agora, Albores e Ruliños levaron a cabo onte unha concentración na praza de España de Monforte para reclamar unha modificación das normas legais que facilite a accesibilidade das vivendas aos discapacitados físicos. As entidades convocantes sinalan que a actual lei autonómica non garante a realización de obras de accesibilidade nos domicilios privados e piden que sexa obrigatorio realizar traballos de adaptación nos inmobles onde residen persoas con mobilidade reducida. Así mesmo, solicitan axudas económicas para que as comunidades veciñais poidan afrontar este tipo de actuacións. Ao acto sumáronse o alcalde José Tomei e o concelleiro de Servizos, José Luis Losada.

Pero o problema que denuncian as mencionadas asociacións non só afecta as vivendas privadas, segundo apunta a sección galega do Comité Español de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade (Cermi), cuxa directiva celebrou unha reunión en Sober o pasado martes. «A actual normativa legal autonómica obriga a garantir a accesibilidade das persoas discapacitadas en todas as vivendas de protección oficial e tamén en todos os espazos públicos, e iso é algo que segue sen cumprirse en moitos lugares», di a este respecto o concelleiro soberino Eladio Fernández, membro da directiva galega do Cermi. Como exemplo, sinala o caso da casa consistorial de Sober. «Unha persoa que se move nunha cadeira de rodas aínda non pode entrar non salón de plenos, como fan o resto dos veciños», sinala.

A directiva do Cermi apunta doutra banda que en moitos casos resulta difícil realizar modificacións en edificios públicos, xa que se trata de construcións antigas que non foron

deseñadas tendo en conta os criterios de accesibilidade. «Tamén está o problema de que as reformas dalgúns destes edificios necesitan permiso da Dirección Xeral de Patrimonio porque teñen carácter histórico ou porque están en áreas de protección», di Fernández. «Nestes casos consideramos que o que debe primar é o dereito de acceso das persoas discapacitadas, por enriba dos criterios de carácter estético», engade.

Polo que toca ás novas edificacións de titularidade pública o Cermi fai fincapé na responsabilidade dos concellos para facer que se cumpran as normas vixentes. «Aos concellos correspóndelles conceder as licenzas de obra e ao noso xuízo non o deberían facer sen antes asegurarse de que os proxectos garanten o acceso das persoas con problemas de mobilidade», agrega Fernández.

Polo que respecta á accesibilidade ás vivendas privadas, as entidades agrupadas no Cermi esperan que sexa declarada obrigatorio nas modificacións que se prevé introducir na actual lexislación galega. A directiva da entidade ten constancia de que xa existe un borrador destas modificacións, pero ata agora non puideron velo. «Tamén gustaríanos que se axilizase o proceso de reforma da lei, que está pendente desde hai xa moito tempo», di David Fernández.

Doutra banda, o Cermi pide que a normativa legal -unha vez que sexa reformada- non só impulse a eliminación das barreiras físicas de dificultan o acceso, senón tamén a do que se coñece como barreiras cognitivas ou informativas, un problema que afecta a moitas persoas con discapacidades psíquicas. «Trátase de que a gran maioría dos edificios e servizos públicos non están preparados para orientar e informar a unha persoa discapacitada que necesita facer unha xestión ou solicitar calquera cousa», apunta a este respecto Eladio Fernández. «En moitos casos estas persoas teñen unha capacidade de lectura e de comprensión moi reducida e algunhas delas nin puideron aprender a ler debido á súa discapacidade, polo que non poden localizar as oficinas e os servizos aos que deben percorrer», agrega. Co fin de paliar estes problemas, o Cermi pide que se utilicen letreiros e sinais especialmente adaptados para facilitar ao máximo a comprensión.


Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. Solicitamos á Delegación do Goberno a súa colaboración informativa para coñecer as previsións do Goberno de España en relación co sinalado, en especial sobre a modificación da Lei de Propiedade Horizontal para mellorar as condicións das adaptacións das vivendas de propiedade horizontal, en espacial as máis custosas, como as de instalación de ascensores; sobre as axudas ou medidas fiscais para as obras de adaptación; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias


Valedor  
do Pobo

relevantes Tamén requirimos a esa consellería que facilite información, no ámbito das súas funcións, sobre as medidas adoptadas ou previstas en relación coa accesibilidade das vivendas de promoción pública autonómica e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoa atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo





**Valedor  
do Pobo**  
Galicia

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/12/2018 11:57:43

**SAIDA 15533/18**

Sr. Delegado do Goberno en Galicia  
Praza de Ourense  
15004 – A CORUÑA

Expediente: G.6.Q/19404/18

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Sr. delegado:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de noticias aparecidas nos medios en relación cos problemas de accesibilidade ás vivendas.

Sínálase, entre outras cousas, que as organizacións de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade reclaman a modificación das normas para facilitar a accesibilidade das vivendas. A actual lei autonómica non garante a realización de obras de accesibilidade nos domicilios privados, polo que piden que sexa obrigado realizar traballos de adaptación nos inmobles onde residen persoas con mobilidade reducida. E solicitan axudas para que as comunidades poidan afrontar este tipo de actuacións.

No relativo á normativa estatal a norma que obrigaba a eliminar os obstáculos antes do pasado 4 de decembro depende doutras normas que restrinxen a súa aplicación. A Lei de Propiedade Horizontal establece a necesidade de solicitar as adaptacións por un propietario para o uso da vivenda por persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos. Se non se solicita as comunidades non están obrigadas, o que dificulta a accesibilidade universal. Ademais, o sistema de acordos nas comunidades non é adecuado; as adaptacións para a accesibilidade universal son obrigatorias cando o importe -descontadas as axudas públicas- non exceda de 12 cotas mensuais, e se supera esas 12 mensualidades a xunta decide por maioría, aínda que en caso de negativa os solicitantes poden pagar a diferenza -dende as 12 mensualidades-. Este sistema fai que en moitas ocasións as decisións terminen nos tribunais. E as axudas se reciben con retraso ou non se reciben, polo que reclaman minorar os impostos, en concreto o IVE e o ICIO.

O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) considera necesario o cambio da citada lei por contradicir a de dereitos de persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Só un moi limitado número de vivendas de propiedade horizontal se



**Valedor  
do Pobo**  
Galicia

atopan adaptadas e son accesibles, polo que moitas persoas con discapacidade perciben a súa situación como discriminatoria por atoparse nas súas casas "*como nunha cadea*".

Polo exposto solicito a súa colaboración informativa para coñecer as previsións do Goberno de España en relación co sinalado, en especial sobre a modificación da Lei de Propiedade Horizontal para mellorar as condicións das adaptacións das vivendas de propiedade horizontal, en especial as mais custosas, como as de instalación de ascensores; sobre as axudas ou medidas fiscais para as obras de adaptación; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. Tamén requirimos informe, no ámbito das súas funcións, ás consellerías de Política Social e de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Agradezo por adiantado a súa colaboración informativa e saúdo atentamente,

Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo